

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 17/02/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 17/02/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10 de febreiro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/0416

O Grupo Radio Pontevedra - Cadena Ser, ao que pertence Radio Arosa, a emisora de referencia en Vilagarcía e a comarca, vén de poñer en marcha un proxecto titulado “Radio Escolar” que, entre outros obxectivos, busca potenciar esta ferramenta educativa como un medio de comunicación interno en cada centro, coa participación activa do alumnado e profesorado, ademáis de axudar na concienciación sobre a diferenza entre información veraz de fontes fiables e as noticias falsas e os bulos.

En concreto, os seis centros escolares de Vilagarcía de Arousa que participan nesta experiencia son: os CEIP de Vilaxoán, Plurilingüe Rosalía de Castro, A Escardia e A Lomba, e os IES Armandó Cotarelo Valledor e O Carril. Coas as súas propostas, tralo aprendizaxe, os centros poderán optar ao Premio José Hermida e radio escolar.

Tendo en conta o interese da Concellería de Educación e de todo o goberno local en fomentar e participar en calquera iniciativa que incida nunha mellor calidade do sistema educativo na cidade, é polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colaboración co Grupo Radio Pontevedra, por importe de 6.000 euros (7.260 € con IVE), con cargo á partida 926.22613, de conformidade co orzamento presentado.

Tendo en conta que o programa se desenvolve ata o remate do curso, a facturación farase en tres partes, unha factura cada dous meses: febreiro, abril e xuño, a razón de 2.000 € (máis IVE) en cada quenda.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0419

Vista a proposta da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario anual conforme ao orzamento presentado por Radio Popular SA - Cadena Cope, por un importe de 4.029,30€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602, que inclúe 365 microespazos a distribuír en tres emisoras (Cope, Rock FM e Cadena 100).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0420

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario para cuña diaria de publicidade no informativo principal "Hora 14 Arosa" de luns a sabados, na emisora Radio Arosa (Cadena Ser) durante o primeiro semestre de 2025, de conformidade co orzamento presentado por Radio Pontevedra SA, por un prezo para o semestre de 2.904,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0431

Na actualidade, as lámpadas de incandescencia e vapor de sodio xa non se comercializan, o que imposibilita a reposición das luminarias averiadas mediante a substitución dos seus compoñentes. Ante esta situación, cando se produce unha avaría nun punto de luz, é necesario substituír non só a lámpada, senón tamén o arrancador e a reactancia, o que implica o cambio completo da luminaria por unha cabeza de LED.

Para poder atender de maneira eficaz as reparacións e garantir a continuidade do servizo de iluminación pública, resulta imprescindible dispoñer dun stock de luminarias LED que permita a reposición inmediata dos puntos de luz danados. Por este motivo, considérase necesario proceder á adquisición de 100 unidades de 30 W, 75 unidades de 45 W e 25 unidades de 65 W, garantindo así unha resposta rápida e eficiente ante calquera incidencia.

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Sonepar Iberica Spain SAU, por un importe total de 11.011,88 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0432

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEPYMEDICAL SL, por un importe total de 7.644,78 € (IVE incluído) para o subministro das chaquetas do vestiario do persoal do Servizo (18 chaquetas), con cargo á partida 135.2210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0435

Tendo en conta os importes xustificados dos anos 2023 e 2024 da caixa fixa de órganos de goberno xestionara por María Galbán, que se desenvolveron do xeito que a seguir se indica:

1. Aplicacións presupostarias exercicio 2023

Aplicación	Descripción	Gasto máximo previsto	Importe Justificado	Obligaciones	Pagos (Reposiciones)
2023 912 22601	ÓRG. GOBERNO-ATENCIÓN S PROTOCOLARIAS	9.500,00	9.447,77	9.302,67	9.302,67
2023 912 22699	ÓRG. GOBERNO-OUTROS GASTOS DIVERSOS	5.000,00	401,12		
2023 912 23000	ÓRG. GOBERNO-AXUDAS CUSTO CARGOS ELECT.	9.000,00	1.429,40	732,9	732,9
2023 912 23100	ÓRG. GOBERNO-LOCOMOCIÓN ÓRG. GOBERNO	4.500,00	3.403,44	1.539,48	1.539,48
	TOTALES. . . :	28.000,00	14.681,73	11.575,05	11.575,05

2. Aplicacións presupostarias exercicio 2024

Aplicación	Descripción	Gasto máximo previsto	Importe Justificado	Obligaciones	Pagos (Reposiciones)
2024 912 22601	ÓRG. GOBERNO-ATENCIÓN S PROTOCOLARIAS	9.500,00	4.783,07	1.570,05	1.570,05
2024 912 22699	ÓRG. GOBERNO-OUTROS GASTOS DIVERSOS	5.000,00	401,12	401,12	401,12
2024 912 23000	ÓRG. GOBERNO-AXUDAS CUSTO CARGOS ELECT.	9.000,00	2.959,94	2511,69	2511,69
2024 912 23100	ÓRG. GOBERNO-LOCOMOCIÓN ÓRG. GOBERNO	4.500,00	5.291,05	3.690,07	3.690,07
	TOTALES. . . :	28.000,00	13.435,18	8.172,93	8.172,93

Dos datos extraídos conclúese:

- Na partida 912-22601 (atencións protocolarias) do exercizo 2023, o presuposto estivo a piques de esgotarse.
- Na partida 912-23100 (locomoción) do exercizo 2024, o crédito dispoñible superou o gasto máximo previsto.
- Noutras aplicacións, como por exemplo a 912-22699, sempre hai un remanente.

Considerando que é precisa unha revisión e reorganización económica das partidas destinadas á Caixa Fixa Órganos de Goberno, posto que levan anos sen actualizarse, os prezos en xeral subiron así como o importe da indemnización a percibir como gastos de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo (pasando de 0,19 €/km a 0,26 €/km), ademais de que as necesidades van mudando.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de goberno Local acorda aprobar unha nova distribución do orzamento total previsto para a Caixa Fixa dos Órganos de Goberno, do seguinte xeito:

Aplicación	Descripción	Gasto máximo previsto
912 22601	ÓRG. GOBERNO-ATENCIÓN S PROTOCOLARIAS	10.500,00
912 22699	ÓRG. GOBERNO-OUTROS GASTOS DIVERSOS	3.000,00
912 23000	ÓRG. GOBERNO-AXUDAS CUSTO CARGOS ELECT.	8.000,00
912 23100	ÓRG. GOBERNO-LOCOMOCIÓN ÓRG. GOBERNO	6.500,00
	TOTALES. . . :	28.000,0

PRP2025/0437

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas , indicando que no Centro Socio Cultural e Deportivo de Vilaxoán apareceron numerosas pingueiras e humidades, sendo necesario poñer cubos en distintos puntos para recoller a auga.

Tras revisar o estado do tellado, atopan que varios dos paneis da cuberta están seriamente danados e deben ser reparados. Así mesmo os canlóns están cheos de lixo que debe ser retirado para a correcta evacuación da auga.

O deterioro que se está a producir no interior do centro é importante. Ademais con motivo dos carnavais está previsto que se celebre no centro un festival. Dita celebración solo será posible si se executan as tarefas de restauración necesarias.

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Reformas Trebol SL para a reparación do tellado e canlóns do Centro Socio Cultural e Deportivo de Vilaxoán, por un importe total de 4.174,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0446

Dáse conta de informe da Policía Local en relación á viabilidade de sinalización horizontal e vertical na Rúa 10 A Rosaleda, fronte ao nº 15, no que indican que na actualidade a rúa e unha vía sen saída sinalizada ao inicio da mesma, con parada prohibida na marxe dereita e estacionamento en liña na marxe esquerda.

Para evitar os estacionamentos nesta zona final da rúa, fronte ao número 15, de conformidade co informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a habilitar unha zona de manobras para realizar o cambio de sentido dos usuarios desta vía, realizando sinalización vertical R-307 (parada e estacionamento prohibido) con lenda "Zona de manobras" e pintado na calzada nunha cadricula de liñas amarelas.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2025/0457

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria Elena Prieto Torres en relación cos problemas que padecen os veciños residentes no Camiño de Estromil, debido a que este camiño non ten saída e carece da pertinente sinalización, polo que os vehículos que acceden provocan danos e molestias aos veciños.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de sinalización vertical nos accesos a este camiño de "Calzada sen saída" (R-15a).

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2025/0469

Dáse conta de Proposta do Xefe do Servizo Municipal de Emerxencias indicando que recentemente a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, ven de adquirir un camión de Rescate da marca Mercedes, con placas de matrícula 0823CDK, e de retirar de servizo outro da marca Iveco, con placas 0189FMB, debido a que xa se atopaba deteriorado pola intensidade de uso que tivo durante a súa vida útil e requiría de reparacións constantes e custosas.

E polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a cesión en uso do vehículo Mercedes 918F, con placas de matrícula 0823CDK, e a súa inclusión na relación de vehículos cedidos que figura no convenio de cooperación asinado entre o Concello de Vilagarcía e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.
- Dar de baixa do mesmo convenio, a tódolos efectos, a vehículo Iveco Daily C618, con placas de matrícula 0189FMB.

PRP2025/0472

Vista a proposta do Servizo Municipal da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Armería Manuel Santos Cao SA para o subministro de 20 fundas armas regulamentarias, por un importe total de 1.868,48 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0473

Vista a proposta do Servizo Municipal da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa TRADESEGUR SA para reparación de cámara dereita e cableado controlcar (multamovil) por un importe total de 2.108,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0478

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música ou un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en arzobispo Gelmírez nº36, os días 14, 15 e 28 de febreiro en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:30 e os días 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 de marzo no mesmo horario, así como poñer unha pulpeira os mesmos días en horario de 13:00 a 18:00 e de 20:00 a 23:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, para os seguintes días para a música, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Os días 1, 4, 7 e 8 de marzo de 2025, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 23:30 horas.

Os días 2 e 9 de marzo de 2025, en horario de 12:30 a 14:30 horas.

Así mesmo concedese autorización para a pulpeira para os mesmos días autorizados para a música e no horario solicitado.

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/0483

En resposta ao escrito presentado por SABELA MOSTEIRO OTERO, pola Policía Local faise constar que a Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 21/10/2024, acordou realizar as modificacións propostas en base o seguinte informe da Policía Local.

"En relación á consulta relacionada coa posibilidade de implantar medidas de seguridade que

minimicen os efectos relatados nos escritos presentados por vecinos e usuarios da rúa Extramuros en Carril, sobre a perda de prazas de estacionamento, velocidades inadecuadas e dificultade para facer traballos de carga e descarga; informase o seguinte:

Na rúa Extramuros desde que se instalaron os novos colectores de lixo na marxe dereita da rúa (atendendo ó sentido de circulación da mesma), feito que foi imposto por cuestións técnicas dos vehículos que fan a recollida dos colectores, isto supuxo o cambio de ubicación do estacionamento de vehículos á marxe contraria, é dicir á dereita. Ademais tamén dou lugar a unha leve redución no número de prazas de estacionamento, así como ó traslado da zona reservada á carga e descarga á altura do nº 2 da mencionada rúa, co que ditas tarefas resultan mais complexas ó ter que cruzar a rúa coas mercadorías nunha zona co pavimento irregular.

Por outra banda na confluencia das rúas Extramuros e Victoria, á altura das escaleiras que dan acceso á Igrexa Santiago de Carril, hai localizado un paso de peóns que como consecuencia dos cambios descritos, resultou coa visibilidade parcialmente restrinxida , motivo polo que para minimizar os prexuízos expostos faise a proposta seguinte:

1. .- Ubicar paso de peóns elevado á altura do nº 2 da rúa Extramuros, coincidindo co acceso ó supermercado e que facilite o cruce da calzada á altura da beirarrúa.
2. .- Por redutores de velocidade á altura dos números 10 e 16 de dita rúa.
3. .- Desprazar o paso de peóns localizado ó remate da rúa Extramuros, enlazando a saída natural das escaleiras que dan acceso á Igrexa, en dirección á Avda. Rosalía de Castro cruzando pola rúa Victoria.
4. .- Desprazar os 2 derradeiros colectores de lixo próximos á escaleiras que dan acceso á Igrexa, xa que dificultan o paso do autobús escolar.
5. .- Sinalizar limitación de velocidade, así como os resaltes ou elementos de calmado de tráfico

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a realizar as modificacións indicadas no acordo de Xunta de Goberno Local citado á maior brevidade.

Que se remita o presente acordo á Valedora do Pobo, a Dona Sabela Mosteiro Otero e Crisa Alimentación.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2025/0481

No CEIP A Lomba estanse producindo filtracións de auga en distintos puntos. Este centro educativo, conta cunha pasarela con varanda de aceiro na súa cuberta. Tras inspeccionala comprobamos que os anclaxes de suxeición de dita varanda presentan numerosas fisuras, cuxa súa localización coincide cos puntos de entrada de auga no edificio.

Á vista do estado actual da cuberta, é urxente e necesaria a súa reparación para evitar que os danos no edificio aumenten, ademais de pola seguridade de alumnos e profesores.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REFORMAS TREBOL SL, por un importe total de 1.512,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212 para subministro de material e man de obra para a reparación dos puntos danados da cuberta do CEIP A Lomba.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0527

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado en relación coa situación crítica en varias

estacións de bombeo do municipio, onde as avarías e a falta de capacidade están a provocar verteduras de augas residuais a zonas sensibles, co risco de sancións ambientais e prexuízos para o medio ambiente e a saúde pública.

Os problemas detectados son os seguintes:

1. Bombeo da Granxa (Bamio): As dúas bombas están avadadas. O servizo ten que enviar un camión de baleirado cada dous días para evitar que as augas fecais cheguen ao regato de Bamio, que desemboca na praia de Bamio, unha zona con Bandeira Azul. É imprescindible substituír ambas bombas para garantir o correcto funcionamento da estación.
2. Bombeo de Queixos: Dispon dunha bomba nova, pero non é suficiente para impulsar todo o caudal. Precísase instalar unha segunda bomba para evitar verteduras ao regato de Bamio.
3. Bombeo de Preguntoiro: Ten dúas bombas moi desgastadas. Cando non son capaces de impulsar toda a auga residual, esta remata no mar na zona do Preguntoiro, afectando un importante banco marisqueiro. É necesaria a súa substitución.
4. Bombeo de Mar Pequeno (Bamio): As dúas bombas están moi gastadas e, en episodios de chuvia, non poden bombear todo o caudal, provocando alivios directos á praia de Bamio, que conta con Bandeira Azul. Precísase renovar o equipo para evitar estes episodios.
5. Bombeo de A Laxe: Conta cunha bomba completamente queimada e sen posible reparación. Urxe a súa substitución para evitar verteduras incontroladas.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o subministro das bombas necesarias para garantir o correcto funcionamento das estacións de bombeo e evitar verteduras que poidan causar prexuízos ambientais e económicos, de conformidade co orzamento presentado pola Empresa Sulzer Pumps Wastewater Spain, S.A., por un importe de 17926.15 (I.V.E. incluído), con cargo á partida 160.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0530

Dáse conta polo Servizo de Alumeado de que varias ópticas verdes dos semáforos presentan un deterioro significativo, emitindo unha iluminación deficiente ou incluso deixando de funcionar. Esta situación pode provocar confusión entre condutores e peóns, afectando a fluidez do tráfico e incrementando o risco de accidentes viarios.

Para solucionar esta problemática e garantir unha correcta sinalización luminosa, é necesario proceder á adquisición de novas ópticas verdes que permitan substituír as unidades en mal estado. A reposición inmediata destes elementos é fundamental para asegurar unha mobilidade segura e eficiente dentro do municipio.

O Departamento de Alumeado conta co persoal e os medios técnicos necesarios para levar a cabo a instalación das novas ópticas de maneira eficiente, reducindo os tempos de intervención e evitando custos adicionais derivados de contratacións externas.

Ademáis, esta compra permitirá dispoñer dun stock de reposición para futuras necesidades, garantindo unha resposta rápida ante calquera incidencia similar.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para adquisición de ópticas verdes para a substitución das unidades desgastadas ou defectuosas nos semáforos da localidade, de conformidade co orzamento presentado pola Empresa Grupo Electro Stocks SLU - Kilovatio Arosa, por un importe total de 2.165.9 (I.V.E. incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/0429

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de xaneiro de 2025, por un importe total de 7.400,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓN INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN URBANISMO	XERENCIA	TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1000,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1000,00 €
D ^a LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	3	x 50,00 €	1150,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	200,00 €
D ^a M ^a ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	200,00 €
D ^a MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	---	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	250,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D ^a ROSA M ^a ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	3	x 50,00 €	550,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
TOTAL							7400,00 €

PRP2025/0430

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.400,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de xaneiro de 2025, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	8	350,00	300,00 x 8 = 2.400,00 €	2.750,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
T O T A L		7.400,00 €		

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/0468

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sinatura por ambas partes do convenio aprobado en Xunta de Goberno Local para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria 2024 con Cruz Roja Española de Pontevedra.

De acordo coa cláusula duodécima do presente convenio a súa vixencia terá unha vixencia de dous (2) anos contando dende a data da súa sinatura (11/12/2024) e poderá prorrogarse, expresamente por un período de outros dous (2) anos ate unha duración máxima de catro(4)anos, finalizando polo tanto en decembro de 2028.

O custe de servicio mensual é de 17,50 euros/persona. En caso de servizo con GSM (por carecer de liña telefónica) é de 20,00 euros/persoa.

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acora aprobar a disposición do gasto previsto por anualidades nas seguintes contías, con cargo á partida 231-22610 e proxectos anuais do Plan Concertado:

ANUALIDADE 2025: importe estimado 9.600 euros

ANUALIDADE 2026: importe estimado 9.600 euros

ANUALIDADE 2027: importe estimado 9.600 euros

ANUALIDADE 2028: importe estimado 9.600 euros

EMPREGO

PRP2025/0423

Infórmase da resolución de de reaxuste de anualidades orzamentarias do obradoiro dual FORME 2024 CONCELLO DE VILAGARCÍA recibida da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, (TR353A exp: 36/00002/2024).

Mediante resolución de data 20/08/2024, concedéuselle ao Concello de Vilagarcía una subvención para o OBRADOIRO DE EMPREGO FORME 2024 de 411.928€ distribuida do seguinte xeito:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	144.174,80€
2025	267.753,20€
TOTAL	411.928€

Como consecuencia da demora no inicio dos Obradoiros de Emprego obriga a realizar un reaxuste de anualidades, de xeito que se adecúe o importe asinado ao exercicio 2024 á cantidade realmente certificada e gastada nese ano.

Unha vez achegada por parte do concello a certificación de gastos deste Obradoiro efectuados a 31 de decembro de 2024, por un importe de 42.679,47€, resólvese proceder ao reaxuste das anualidades da cantidade asignada ao Concello de Vilagarcía de Arousa para levar cabo o proxecto FORME 2024, quedando do seguinte xeito:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	42.679,47€
2025	369.248,53€
TOTAL	411.928€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/0413

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención para a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025, organizado polo Conservatorio Profesional de Música perante á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP Nº 1 do 2 de xaneiro de 2025) enmarcado no Capítulo II, Liña 2, Base 35ª.: Gasto corrente derivado da programación de actos culturais, deportivos, sociais, etc... e para “Gastos derivados da celebración do VIII Festival Internacional de Música clasclás por un importe de 30.000,00 € e cun orzamento de 30.000,00 €”, o que supón un 100 % de porcentaxe de financiación.

PRP2025/0427

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación dos servizos de planificación, xestión e mantemento das redes sociais e páxina web do Festival Internacional de Música clasclás para o ano 2025 a D. Pablo Jueguen García con NIF 35473888E polo importe total de 1.984,40 € (1.640,00 € + 344,40 € do IVE) desagregado nun primeiro pago de 798,60€ (660€ + 138,60 € do IVE) correspondentes aos meses febreiro – marzo e un segundo pago de 1.185,80 € (980,00 + 205,80 € do IVE) correspondente aos meses de abril – xuño de 2025, con cargo á partida 3261 22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0428

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a Contratación dos servizos de Deseño Gráfico do Festival clasclás 2025 a Dito

e Feito, Carlos Crespo Gómez, con NIF 15373039T polo importe total de 1.185,80 € (980,00 € + 205,80 € do IVE) con cargo á partida 3261 22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/0476

Dáse conta de proposta do Conservatorio Profesional de Música para realizar unha actividade educativa de amplo espectro a través de esta Concellería e baixo a denominación “CantArousa”.

A iniciativa, dirixida a todos os centros escolares de primaria do municipio e ao centro de educación especial, busca promover a educación musical dende as primeiras etapas, fomentando o traballo en equipo, a convivencia e o desenvolvemento artístico do alumnado ao tempo que dotar a Vilagarcía de actividades educativas propias, propostas e desenvoltas desde o Concello en colaboración cos centros educativos.

O Conservatorio Profesional de Música é un centro de titularidade municipal que imparte ensinanzas regradas de réxime especial de música. Este ano celebra o seu vixésimo aniversario e esta proposta se enmarca dentro das actividades que o centro desexa potenciar a nivel municipal. Desde a Concellería de Educación entenden que resulta de moito interese a realización do “CantArousa” xa que une diferentes aspectos que forman parte das atribucións que esta Concellería desexa promover. Entre os obxectivos enumerados no Proxecto figuran os seguintes:

1. Estimular o interese pola música entre a infancia, involucrando o maior número de centros educativos do concello.
2. Impulsar a formación do profesorado de primaria, ben sexan ou non da especialidade de música, ofrecendo ferramentas para mellorar as prácticas de ensino e a creación/perfeccionamento de coros escolares.
3. Facilitar a colaboración entre o Conservatorio e os centros de ensino para reforzar a presenza da música na educación primaria.
4. Ofrecer unha experiencia artística relevante para o alumnado, culminando nun gran concerto coral no Auditorio Municipal.

O orzamento de gastos para a realización do Proxecto “CantArousa” ascende a un total de 7.706,51 €

A dirección técnica do proxecto recae no profesor Roberto Sánchez Barreiro, autor da idea de realizar esta proposta no noso municipio. A dirección artística do proxecto tense proposto a Marina Penas Chaves, ex alumna do CMUS Vilagarcía (2004-2009 Grao Profesional de Piano) que no ano 2014 finalizou os estudos superiores de Pedagogía da Linguaxe e Ensinanza Musical no Conservatorio Superior de Vigo, rematando un ano máis tarde os estudos do Grao Superior de Canto.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local Acorda:

Primeiro.- Aprobar a realización do Proxecto “CantArousa 2025”.

Segundo.- Aprobar o orzamento de gastos polo importe de 7.706,51 €, desagregados nas seguintes partidas

Partida	concepto	importe
320.223	Transportes	
	Transporte	720,01 €
320.22602	Publicidade e propaganda	
	Publicidade	200,00 €

	Merchandising	2.790,00 €
320.22606	Reunións, conferencias e eventos	
	Caché dirección artística	1.000,00 €
320.22699	Outros gastos diversos	
	Outros gastos diversos	1.000,00 €
320.22706	Estudos e traballos técnicos	
	Deseño cartelería	907,50 €
	Vídeo e audio	1.089,00 €
		7.706,51 €

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/0434

O xoves 30 de xaneiro de 2025 publicouse no DOG a ORDE do 23 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as condicións para a adhesión das entidades locais ao Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión de plantas de compostaxe, promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama).

Previamente, a 29 de xaneiro de 2024 foi asinada entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e SOGAMA a Adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao Programa da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama).

As condicións de adhesión son actualizadas por esta Orde pois cita-se a disposición adicional terceira da LEI 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia que no seu punto 6 di:

Despois de se publicaren as condicións de adhesión no Diario Oficial de Galicia, os negocios xurídicos que nese momento estean subscritos polas entidades locais conforme o modelo publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 11, do 18 de xaneiro de 2018, para a Planta de Cerceda (A Coruña), entenderase que continúan en vigor, pero modificados e adaptados, se é o caso, ás novas condicións que puiden ter o novo modelo publicado. Establécese un prazo de dous meses desde a indicada publicación como período de desistencia no caso de que as entidades non estean de acordo coas novas condicións, e deberán remitir á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. dentro do dito prazo o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo cal se desiste do negocio xurídico subscrito.

A Orde no punto 4 do Anexo I di: Establecemento dun canon unitario de tratamento por tonelada de FORSU entregada nas instalacións de compostaxe: as entidades locais adheridas ao Programa específico de promoción da reciclaxe a través das plantas de compostaxe deberán aboar o canon unitario de tratamento por tonelada de FORSU entregada de 50 euros/tonelada máis IVE para o ano 2024. Este prezo será actualizado anualmente en xaneiro segundo a variación do IPC galego. No punto 7 do mesmo Anexo I di: Co fin de controlar o cumprimento de calidade da FORSU entregada, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. poderá realizar caracterizacións dos residuos FORSU entregados polas entidades locais adheridas cando se detecte que as características da FORSU non son adecuadas. No caso de detectarse desvíos superiores ao 15 %,

a partida ou partidas de FORSU que incumpran derivaranse ao tratamento común; esta circunstancia comunicárase á entidade local de orixe da FORSU e estas partidas facturaránse ao canon único de xestión de residuos urbanos (en diante, RU). Adicionalmente, Sogama repercutirá á entidade local o custo debidamente acreditado da caracterización realizada e do transporte do residuo que non cumpra coa devandita porcentaxe de impropios, desde a planta de compostaxe ata a planta de transferencia ou planta de tratamento de fracción resto máis próxima. Neste caso, Sogama paralizará a descarga da fracción de residuos FORSU da entidade local na planta correspondente ata que esta acredite debidamente que o seu residuo cumpre coas características que se fixan en canto á porcentaxe de impropios.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0436

Desde o inicio do novo contrato de limpeza viaria e xestión de residuos no Concello de Vilagarcía de Arousa en maio de 2023 realízanse reunións periódicas entre os responsables da empresa en Vilagarcía e a concellería delegada, técnicos e traballadores municipais co obxectivo de coordinar traballos, avanzar na proposta de ordenanza de xestión de residuos e limpeza viaria e facer seguimento do cumprimento do contrato.

Dáse conta pola Concelleira Delegada da Área de Limpeza Viaria e xestión de residuos das actas das dúas primeiras reunións do ano 2025, de datas 9 de xaneiro e 5 de febreiro de 2025.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0441

En base aos datos do ano 2024 achegados por parte da concesionaria de residuos, outros xestores implicados na recollida separada dos residuos municipais, así como os dispoñibles nas bases de datos do Departamento de residuos do Concello de Vilagarcía de Arousa,

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe elaborado polo Departamento de residuos sobre as cantidades de residuos municipais xestionadas a través de contenerización na vía pública, o servizo de recollida porta a porta de cartón comercial e os programas de compostaxe doméstica e comunitaria no ano 2024.

Non se inclúen neste informe os datos dos residuos xestionados no Punto Limpo e Puntos Limpos Móviles, que se trasladarán proximamente a espera de que a concesionaria achegue dita información.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/0538

Vista a proposta do Servizo Municipal de Parques e Xardíns, en relación coa poda de arborado en 3 parques do Concello (Praza Ravella, Praza de España e Alameda), a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa ARBOGAL 2077 SL, por un importe total de 6.655,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2025/0414

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación do seguro de Responsabilidade Civil Xeral deste Concello para o ano 2025, co nº de póliza 61020025, por un importe total de 104,008,24€, correspondente ao período que vai do 01/01/2025 ao 31/12/2025.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga e o pago do importe de 104.008,24€, correspondentes á renovación da citada póliza de Responsabilidade Civil para o ano 2025, con cargo á partida 920.224.

PRP2025/0415

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación para a anualidade 2025 dos seguros da flota de vehículos deste Concello, achegan ademáis documento Excel agrupando os vehículos por cada un dos servizos aos que corresponde cada vehículo e o coste por servizos, quedando resumido do seguinte xeito:

-Servizo de Alumeado.....	3.819,32 €
-Servizo de Medio Ambiente.....	5.476,27 €
-Policía Local.....	2.594,41 €
-Protección Civil.....	6.166,06 €
-Servizo de Emerxencias.....	6.005,79 €
-Servizo de Portería.....	683,24 €
-SPAD.....	500,69 €
-Servizo Vías Públicas.....	10.082,05 €
-Servizo de Xardíns.....	2.204,80 €
-Servizo Municipal de Mercados.....	500,69 €
TOTAL FLOTA DE VEHÍCULOS ANUALIDAD 2025.....	38.033,32 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga e pago do importe de 38.033,32 €, correspondentes á renovación dos seguros de toda a flota de vehículos municipais, para a anualidade 2025, unha vez remitida a correspondente factura electrónica por parte da entidade aseguradora Mutua General de Seguros, coa seguinte desagregación :

-Servizo de Alumeado.....	3.819,32 €	con cargo á partida 165.224.
-Servizo de Medio Ambiente.....	5.476,27 €	con cargo á partida 1720.224.
-Policía Local.....	2.594,41 €	con cargo á partida 132.224.
-Protección Civil.....	6.166,06 €	con cargo á partida 135.224.
-Servizo de Emerxencias.....	6.005,79 €	con cargo á partida 135.224.
-Servizo de Portería.....	683,24 €	con cargo á partida 920.224.
-SPAD.....	500,69 €	con cargo á partida 2311.224.
-Servizo Vías Públicas.....	10.082,05 €	con cargo á partida 1530.224.
-Servizo de Xardíns.....	2.204,80 €	con cargo á

partida 171.224.

-Servizo Municipal de Mercados.....500,69 € con cargo á partida 4312.224.

PRP2025/0417

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación para a anualidade 2025 dos seguros dos edificios deste Concello, achegan ademáis documento Excel agrupando os edificios por cada un dos servizos aos que corresponden e o coste por servizos, quedando resumido do seguinte xeito:

	IMPORTE	PARTIDA
-Administración Xeral €	8.787,24€	920-224
-Alumeado Público(parking Xoan XXIII)	2.617,87	134-224
-Sanidade	5.210,86 €	920-224
-Servizos Sociais	617,40 €	231-224
-Medio Ambiente	198,47 €	1720-224
-Obras	458,04 €	1530-224
-Policía	572,89 €	132-224
-Cultura	17.150,95 €	334-224
-Educación	3.587,34 €	320-224
-Escuela Música	1.152,33 €	3262-224
-Biblioteca	2.694,78€	3321-224
-Promoción Económica	3.292,07 €	4312-224
-Turismo	809,77€	432-224
-Emprego	792,01 €	241-224
-Emerxencias	563,85 €	135-224
-Escola Taller	563,85 €	2412-224
-Spad	670,61 €	2311-224
-Plan Concertado Servizos Sociais	844,68 €	231-224
TOTAL EDIFICIOS ANUALIDADE 2024	50.585,03 €	

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga e o aboamento do importe correspondente aos seguros de todos os edificios municipais, para a anualidade 2025, da entidade aseguradora Mutua General de Seguros, polo importe citado de 50.585,03€ (IVE incluído).

PRP2025/0418

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan información sobre o resto do programa de seguros diferente á frota de vehículos, edificios e responsabilidade civil para esta anualidade 2025.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga dos importes de cada un dos citados seguros, da entidade aseguradora Mutua General de Seguros, e que se relacionan a continuación:

-Obras de Arte/ póliza nº 31074102: 720,22 €, con cargo á partida 334.224.

-Accidentes membros de Corporación Municipal/ póliza 51042431: 181,64 €, con cargo á partida 912.224.

-Accidentes traballadores municipais/ póliza 51042433: 4.952,83 €, con cargo á partida 920.224.

-Accidentes SPAD/ póliza 51042437: 245,68 €, con cargo á partida 2311.224

-Embarcacións de Protección Civil/ póliza nº 61141584: 1.211,84€, con cargo á partida 135.224.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/0440

Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, a Área de Igualdade - CIM ten previsto realizar diversas actividades que se detallan de seguido:

- A “XVII edición da Maratón Fotográfica pola Igualdade” que terá lugar o sábado 8 de marzo na que, previa inscrición, poderán participar persoas de oito ou máis anos, interesadas na fotografía. A actividade ten una duración de 9 horas (de 10:30h e ata as 19:30h) e os/as participantes deberán pasar por dous controis ao longo do día para realizar o seguimento, nos que se lles entregará un pequeno aprovisionamento. Posteriormente, e trala avaliación polo xurado, entregárase un premio por cada tema proposto. Finalmente realizarase una exposición con todas as fotografías participantes.

- Representación da obra de teatro “As alumnas” no Auditorio Municipal o vindeiro día 22 de marzo. Aínda que a organización da Maratón será a cargo do persoal da Área de Igualdade, é necesaria a aprobación das bases de participación e mais gastos que se detallan para a súa realización. Nembargantes algún dos gastos que se prevén, tal e como os dos libros para agasallar ás nenas e nenos que participen presentaránse mais adiante , pois aínda non se pode saber cantos /as se presentaran.

